

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- 5716** *Orde SPI/681/2011, do 28 de marzo, pola que se modifican os anexos do Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de corantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.*

O Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de corantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización, incorpora ao noso ordenamento xurídico a Directiva 95/2/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de febreiro de 1995, relativa a aditivos alimentarios distintos dos corantes e edulcorantes. Este real decreto foi modificado en varias ocasións, a última a través do Real decreto 1118/2007, do 24 de agosto, polo que se modifica o Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de corantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.

A Directiva 2010/69/UE da Comisión, do 22 de outubro de 2010, pola que se modifican os anexos da Directiva 95/2/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de febreiro de 1995, relativa a aditivos alimentarios distintos dos corantes e edulcorantes, introduce cambios na normativa aplicable a esta materia, ao incluír novos aditivos e novos usos de aditivos xa autorizados en grupos de alimentos.

Esta orde, que se dita ao abeiro do disposto na disposición derradeira primeira do Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, que habilita a ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade para ditar as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento, así como para a actualización dos seus anexos para adaptalos ás disposicións da Unión Europea, incorpora ao noso ordenamento xurídico as disposicións da mencionada Directiva 2010/69/UE, da Comisión, do 22 de outubro de 2010.

Na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla e oídos os sectores afectados, as asociacións de consumidores e usuarios e emitiu o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación dos anexos do Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de corantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.*

Os anexos II, III, IV, V e VI do Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de corantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización, modifícanse de acordo co disposto nos anexos I, II, III, IV e V, respectivamente, desta orde.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2010/69/UE da Comisión, do 22 de outubro de 2010, pola que se modifican os anexos da Directiva 95/2/CE do Parlamento e do Consello, do 20 de febreiro de 1995, relativa a aditivos alimentarios distintos dos corantes e edulcorantes.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de marzo de 2011.—A ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade, Leire Pajín Iraola.

ANEXO I

Modificación do anexo II do Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro

Un. A entrada «Preparados envasados de carne picada fresca» da epígrafe «Produtos cárnicos» substitúese polo texto seguinte:

«Preparados envasados de carne picada fresca»	E 261	Acetato potásico	Quantum satis»
	E 262i	Acetato sódico	
	E 262ii	Acetato ácido de sodio (diacetato sódico)	
	E 300	Ácido ascórbico	
	E 301	Ascorbato sódico	
	E 302	Ascorbato cálcico	
	E 325	Lactato sódico	
	E 326	Lactato potásico	
	E 330	Ácido cítrico	
	E 331	Citratos de sodio	
	E 332	Citratos de potasio	
	E 333	Citratos de calcio	

Dous. Na epígrafe «Leite e produtos lácteos» engádesse a entrada seguinte:

«Produtos lácteos sen aromatizantes fermentados pola acción de organismos vivos e os seus sucedáneos cun contido de graxas inferior ao 20%»	E 406	Ágar	Quantum satis»
	E 407	Carraxenano	
	E 410	Goma de alfarroba	
	E 412	Goma guar	
	E 415	Goma xantana	
	E 440	Pectinas	
	E 460	Celulosa	
	E 466	Carboximetilcelulosa	
	E 471	Monoglicéridos e diglicéridos de ácidos graxos	
	E 1404	Amidón oxidado	
	E 1410	Fosfato de monoamidón	
	E 1412	Fosfato de diamidón	
	E 1413	Fosfato fosfatado de diamidón	
	E 1414	Fosfato acetilado de diamidón	
	E 1420	Amidón acetilado	
	E 1422	Adipato acetilado de diamidón	
	E 1440	Hidroxipropil amidón	
	E 1442	Fosfato de hidroxipropil amidón	
	E 1450	Octenil succinato sódico de amidón	
E 1451	Amidón acetilado oxidado		

ANEXO II

Modificación do anexo III do Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro

Un. Na parte D insírese, despois do aditivo L-321, a entrada seguinte:

«E-392	Extractos de romeu»
--------	---------------------

Dous. Na epígrafe «Aceites e graxas» engádese a entrada seguinte:

«Aceites vexetais (agás aceites virxes e aceites de oliva) e graxas cun contido de ácidos graxos poliinsaturados superior ao 15% p/p do ácido graxo total, para seren utilizados en produtos alimenticios non sometidos a tratamento térmico	E-392	30 (expresado como a suma de carnosol e ácido carnósico) Expresados respecto do contido de graxa
Aceites de peixe e de alga	E-392	50 (expresado como a suma de carnosol e ácido carnósico) Expresados respecto do contido de graxa
Graxas e aceites para a fabricación profesional de produtos alimenticios con tratamento térmico	E-392	50 (expresado como a suma de carnosol e ácido carnósico) Expresados respecto do contido de graxa
Aceite e graxas para fritir, excluído o aceite de oliva e o aceite de bagazo de oliva	E-392	50 (expresado como a suma de carnosol e ácido carnósico) Expresados respecto do contido de graxa
Manteiga de porco e graxa de vacún, de ave, de ovino e porcino	E-392	50 (expresado como a suma de carnosol e ácido carnósico) Expresados respecto do contido de graxa»

Tres. No cadro «Aromas» da epígrafe «Aromas» engádese a entrada seguinte:

«E-392	1000 (expresado como suma de carnosol e ácido carnósico)»
--------	---

Catro. Na epígrafe «Bebidas alcohólicas» engádese a entrada seguinte:

«Cervexas de barril que conteñan máis dun 0,5% de azucres fermentables ou ben de zumes ou concentrados de froitas engadidos Sidra e perada, incluídas aquelas sen alcohol	Sa	200
	Ba	200
	Sa+Ba	400
	E-242 ⁽¹⁾	250 de cantidade engadida, residuos non detectables

(1) Para sidra, perada e viños afroitados».

Cinco. No cadro «Caldos e sopas deshidratados» da epígrafe «Caldos e sopas» engádese a entrada seguinte:

«E-392	50 (expresado como suma de carnosol e ácido carnósico)»
--------	---

Seis. O cadro «Complementos alimenticios, tal e como se definen no Real decreto 1275/2003, do 10 de outubro, relativo aos complementos alimenticios» da epígrafe «Complementos alimenticios» substitúese polo texto seguinte:

«Complementos alimenticios, tal e como se definen no Real decreto 1487/2009, do 26 de setembro, relativo aos complementos alimenticios	Sa+Ba	2000 (só para complementos alimenticios subministrados en forma líquida)
		1.000 (só para complementos subministrados en forma seca que conteñan preparados de vitamina A ou de combinacións de vitaminas A e D) No produto listo para o consumo
	L-310 a L-312 L-319 a L-321	400 (galatos, TBHQ, BHA e BHT por separado ou en combinación)
	E-392	400 (expresado como a suma de carnosol e ácido carnósico)»

Sete. No cadro «Goma de mascar ou chicle» da epígrafe «Goma de mascar» engádese a entrada seguinte:

«E-392	200 (expresado como a suma de carnosol e ácido carnósico) Expresados respecto do contido de graxa»
--------	---

Oito. A epígrafe «Ovos e ovoprodutos» substitúese polo texto seguinte:

«Ovo líquido (clara, xema ou ovo completo)	Sa+Ba	5.000
	E-234	6,25 (só para ovo líquido pasteurizado)
Ovoprodutos	Sa	1.000 (só para deshidratados, concentrados, conxelados ou ultraconxelados)
	E-392	200 (expresado como a suma de carnosol e ácido carnósico)»

Nove. Na epígrafe «Leite» engádese a entrada seguinte:

«Leite en po para máquinas automáticas	E-392	200 (expresado como suma de carnosol e ácido carnósico) Expresado respecto do contido de graxa
Leite en po para a elaboración de xeados	E-392	30 (expresado como suma de carnosol e ácido carnósico)»

Dez. Na epígrafe «Pan, pans especiais e bolaría» engádese a entrada seguinte:

«Produtos de bolaría fina	E-392	200 (expresado como a suma de carnosol e ácido carnósico) Expresados respecto do contido de graxa»
---------------------------	-------	---

Once. A entrada «Sobremesas a base de semolina e tapioca» da epígrafe «Sobremesas» substitúese polo texto seguinte:

«Sobremesas de semolina e tapioca e produtos similares	E-234	3»
--	-------	----

Doce. No cadro «Produtos de aperitivo a base de cereais ou pataca e froitos secos recubertos» da epígrafe «Produtos de aperitivo» engádese a entrada seguinte:

«E-392	50 (expresado como a suma de carnosol e ácido carnósico) Expresados respecto do contido de graxa Só para produtos de aperitivo baseados en cereais, patacas ou amidón
	200 (expresado como suma de carnosol e ácido carnósico) Expresados respecto do contido de graxa Só para froitos secos transformados»

Trece. Na epígrafe «Produtos cárnicos» engádese a entrada seguinte:

«Produtos cárnicos agás a carne deshidratada e os embutidos secos	E-392	150 (expresado como a suma de carnosol e ácido carnósico) Expresados respecto do contido de graxa
Embutidos secos		100 (expresado como a suma de carnosol e ácido carnósico)
Carne deshidratada		150 (expresado como suma de carnosol e ácido carnósico)»

Catorce. Na epígrafe «Produtos da pesca» engádese a entrada seguinte:

«Sucedáneos de produtos pesqueiros baseados en algas	Sa	1.000
	Ba	500
Produtos pesqueiros	E-392	150 (expresado como a suma de carnosol e ácido carnósico) Expresados respecto do contido de graxa»

Quince. No cadro «Patacas deshidratadas» da epígrafe «Produtos vexetais elaborados» engádese a entrada seguinte:

«E-392	200 (expresado como suma de carnosol e ácido carnósico)»
--------	--

Dezaseis. Na epígrafe «Produtos vexetais sen elaborar» engádese a entrada seguinte:

«Cítricos frescos sen pelar (só con tratamento de superficie)	Sa	20
Arandos (só <i>Vaccinium corymbosum</i>)	SO ₂	10
Canela (só <i>Cinnamomum ceylanicum</i>)	SO ₂	150»

Dezasete. Na epígrafe «Salsas» engádese a entrada seguinte:

«Salsas	E-392	100 (expresado como a suma de carnosol e ácido carnósico) Expresados respecto do contido de graxa»
---------	-------	---

Dezaoito. Na epígrafe «Viños» engádese a entrada seguinte:

«Viño cun grao alcohólico menor	E-242	250 de cantidade engadida, residuos non detectables
Bebidas e outros produtos a base de viño definidos no Regulamento (CEE) n.º 1601/91 * * *	E-242	250 de cantidade engadida, residuos non detectables

*** Regulamento (CEE) n.º 1601/91 do Consello, do 10 de xuño de 1991, polo que se establecen as regras xerais relativas á definición, designación e presentación de viños aromatizados, de bebidas aromatizadas a base de viño e de cócteles aromatizados de produtos vitivinícolas (DO L 149 do 14-6-1991, p.1); Regulamento cuxa última modificación a constitúe o Regulamento (CE) n.º 1334/2008 do Parlamento Europeo e do Consello (DO L 354 do 31-12-2008, p. 34)»

Dezanove. No cadro «Condimentos e aderezos» da epígrafe «Outros» engádese a entrada seguinte:

«E-392	200 (expresado como suma de carnosol e ácido carnósico) Expresados respecto do contido de graxa»
--------	---

ANEXO III

Modificación do anexo IV do Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro

Un. Na parte xeral insírese a entrada seguinte:

«E-427	Goma cassia	
E-961	Neotamo	Para fins distintos da edulcoración»
E-1203	Alcohol polivinílico	
E-1521	Polietilenglicol	

Dous. Na epígrafe «Aromas» engádese a entrada seguinte:

«5. Aromas para bebidas non alcohólicas aromatizadas	E-901	0,2 g/kg nas bebidas aromatizadas»
--	-------	------------------------------------

Tres. Na epígrafe «Bebidas non alcohólicas» engádese a entrada seguinte:

«1. Bebidas non alcohólicas aromatizadas	E-961 ⁽⁴⁾	2 mg/l (só como potenciador do sabor)
4.3 Bebidas para deportistas con proteínas de lactosoro	L-338 a L-341 E-343 L-450 a L-452	4 g/kg
4.4 Bebidas a base de leite e produtos derivados, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos	E-961	2 mg/l (só como potenciador do sabor)
5. Bebidas a base de zumes de froitas, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos	E-961	2 mg/l (só como potenciador do sabor)

(4) Só para bebidas non alcohólicas aromatizadas a base de auga, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos»

Catro. Na epígrafe «Caldos e sopas» engádese a entrada seguinte:

«Caldos e sopas deshidratados	E-427	2,5 g/kg»
-------------------------------	-------	-----------

Cinco. A entrada «Complementos alimenticios, tal e como se definen no Real decreto 1275/2003, do 10 de outubro, relativo aos complementos alimenticios» da epígrafe «Complementos alimenticios» substitúese polo texto seguinte:

«Complementos alimenticios, tal e como se definen no Real decreto 1487/2009, do 26 de setembro, relativo aos complementos alimenticios	L-338 a L-341 E-343	Quantum satis
	E-405	1 g/kg
	E-416	Quantum satis
	E-426 ⁽¹⁾	1,5 g/l
	L-432 a L-436 L-450 a L-452	Quantum satis
	E-468 ⁽²⁾	30 g/kg
	L-901 a L-904 ⁽³⁾	Quantum satis
	L-473 a L-475 L-491 a L-495 L-551 a L-556 E-559 L-1201 ⁽⁴⁾ e L-1202 ⁽⁴⁾ E-1204 ⁽⁵⁾	Quantum satis
	E-1452 ⁽⁶⁾	35 g/kg como complemento alimenticio
	E-961 ⁽⁷⁾	2 mg/kg (só como potenciador do sabor)
	E-1203 ⁽⁶⁾	18 g/kg
	E-1505 ⁽⁶⁾	3,5 g/kg
	E-1521 ⁽⁶⁾	10 g/kg

- (1) Só para complementos líquidos.
 (2) Só para complementos subministrados en forma sólida.
 (3) Só como axentes de recubrimento.
 (4) Só para complementos en forma de tabletas e draxeas.
 (5) Só para complementos en forma de cápsulas e tabletas.
 (6) Só para preparados vitamínicos encapsulados en complementos.
 (7) Só para complementos subministrados en forma líquida, en forma sólida e os elaborados a base de vitaminas ou elementos minerais en forma non mastigable ou de xarope».

Seis. No cadro «Goma de mascar ou chicle» da epígrafe «Goma de mascar» engádese a entrada seguinte:

«E-961 ⁽³⁾	3 mg/kg (só como potenciador do sabor)
-----------------------	--

- (3) Só para gomas de mascar con azucres engadidos»

Sete. Na epígrafe «Xeados» engádese a entrada seguinte:

«Xeados, sorbetes e tortas xeadas	E-427	2,5 g/kg
Axentes de recubrimento para sándwichs recheos de xeados envasados	E-901	Quantum satis»

Oito. Na epígrafe «Leite e produtos lácteos» engádese a entrada seguinte:

«Produtos lácteos fermentados, a excepción dos non aromatizados fermentados pola acción de organismos vivos	E-427	2,5 g/kg»
---	-------	-----------

Nove. No cadro «Recheos e coberturas para bolaría fina» da epígrafe «Pans especiais e bolaría» engádese a entrada seguinte:

«E-427	2,5 g/kg»
--------	-----------

Dez. Na epígrafe «Sobremesas» engádese a entrada seguinte:

«Sobremesas a base de leite e produtos similares	E-427	2,5 g/kg
Recheos, coberturas e recubrimentos para sobremesas		2,5 g/kg»

Once. Na epígrafe «Produtos de aperitivo» engádese a entrada seguinte:

«1.2 Produtos de aperitivo a base de amidón salgados, secos e envasados de distintos sabores, listos para consumir, e froitos secos con cobertura	E-961	2 mg/kg (só como potenciador do sabor)»
---	-------	---

Doce. Na epígrafe «Produtos cárnicos» engádese a entrada seguinte:

«Produtos cárnicos sometidos a tratamento térmico	E-427	1,5 g/kg»
---	-------	-----------

Trece. Na epígrafe «Produtos de confeitaría» engádese a entrada seguinte:

«5. Produtos de confeitaría a base de amidón, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos	E-961	3 mg/kg (só como potenciador do sabor)»
---	-------	---

Catorce. No cadro «Confeituras, xeleas, marmeladas e marmelades segundo o disposto no Real decreto 670/1990 e Real decreto 863/2003 e preparados de froita similares para estender, incluídos os produtos baixos en calorías» da epígrafe «Produtos vexetais» engádese a entrada seguinte:

«E-961(3)	2 mg/kg (só como potenciador do sabor)
-----------	--

(3) Só para compotas, xeleas e marmeladas de valor enerxético reducido»

Quince. No cadro «Queixo fundido» da epígrafe «Queixos» engádese a entrada seguinte:

«E-427	2,5 g/kg»
--------	-----------

Dezaseis. Na epígrafe «Salsas» engádese a entrada seguinte:

«1. Salsas	E-961	2 mg/kg (só como potenciador do sabor)
1.2 Salsas e aliños para ensalada	E-427	2,5 g/kg»

Dezasete. O cadro «Micropastillas para refrescar o alento en forma de láminas» da epígrafe «Outros» substitúese polo texto seguinte:

«Micropastillas para refrescar o alento	E-1204 ⁽²⁾	Quantum satis
	E-961 ⁽³⁾	3 mg/kg (só como potenciador do sabor)

(2) Só para micropastillas en forma de láminas

(3) Só para micropastillas sen azucres engadidos»

Dezaquito. Na epígrafe «Outros» engádesse a entrada seguinte:

«Pastillas refrescantes moi aromatizadas para a gorxa, sen azucres engadidos	E-961	3 mg/kg (só como potenciador do sabor)»
--	-------	---

ANEXO IV

Modificación do anexo V do Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro

Un. A epígrafe «Polietilenglicol 6000» substitúese polo texto seguinte:

«E-1521	Polietilenglicol	Edulcorantes»
---------	------------------	---------------

ANEXO V

Modificación do anexo VI do Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro

Un. Na terceira parte, no punto «1.1.3 Galletas e biscoitos» da epígrafe «1.1 Alimentos a base de cereais», engádesse a entrada seguinte:

«E-920 ⁽³⁾ »	1 g/kg
-------------------------	--------

(3) Só para galletas para lactantes e nenos de curta idade»